



**CONCELLO DE BUEU**  
**DEPARTAMENTO SECRETARÍA**  
RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

rf. A/S/C39-15

## ANUNCIO

Asto.: *Composición mesa de contratación e convocatoria sesión constitutiva para a contratación do "Servizo de bar-cafetería no edificio do Centro Social do Mar do concello de Bueu"*

A mesa de contratación do contrato administrativo especial do "Servizo de bar-cafetería no edificio do Centro Social do Mar do concello de Bueu", de acordo co disposto na cláusula IX dos pregos reguladores de dita contratación, aprobados pola Xunta de goberno local na sesión celebrada con data 17.8.2015, estará constituída polos seguintes membros:

Presidente: Félix Juncal Novas

Vogais:

- José I. García Cuervo, Concelleiro delegado de facenda municipal, modernización da administración local e réxime interior, ao que corresponde o ámbito funcional da contratación pública.
- Sergio Curra Moreira, Interventor do Concello.
- Nuria Lobato del Río, Secretaria do Concello.
- Alfredo de la Campa Ferverza, Arquitecto técnico municipal

Secretaria da Mesa de Contratación: Araceli C. Pérez Morán, Xefa do Negociado de Secretaría do Concello.

Asemade, en cumprimento co disposto na cláusula VIII.3 dos PCAP a mesa constituirase o quinto día hábil seguinte ao do remate de presentación das proposicións ( agás sábados) sen prexuízo de que poida atrasarse ata o décimo día natural no caso de que non figuren a totalidade das proposicións presentadas no Servizo de contratación, o cal se anunciará oportunamente no perfil do contratante con 24 horas de antelación como mínimo.

De acordo co anterior, realízase a convocatoria da seguinte sesión ordinaria da Mesa de contratación do servizo de referencia na seguinte data e coa orde do día que de seguido se relaciona:

### **Martes 6 de outubro de 2015. 13.00 horas. Sala reunións da casa consistorial.**

Orde do día:

- 1.- Constitución da Mesa de contratación (acto non público)
- 2.- Actuación previa á apertura de proposicións: verificación das declaracións responsables presentadas polos licitadores que concorren (acto non público)
- 3.- Apertura do sobre único subtítulo Sobre A "Oferta económica" ( acto público)
- 4.- Valoración das ofertas económicas presentadas en prazo ( acto non público )

O que se publica en cumprimento do disposto na cláusula VIII.3 e IX dos PCAP en relación co art. 21 do REAL DECRETO 817/2009

Bueu, 30 de setembro de 2015

O Alcalde

Félix Juncal Novas